

**O libro na sociedade do coñecemento:
a *Biblioteca Virtual Galega***

CARME FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN
Universidade da Coruña

INTRODUCCIÓN

Resulta xa tópico afirmar que o desenvolvemento tecnolóxico das últimas décadas está a ter un enorme impacto en todos os ámbitos da sociedade. Neste sentido, o mundo do libro, en xeral, e o da literatura, en particular, non foron alleos á profunda transformación provocada pola xeneralización das novas tecnoloxías.

Con este traballo pretendemos fornecer unha visión de conxunto sobre a incidencia que as Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (TIC) teñen xa hoxe e, intuímos, van ter no futuro en relación co mundo do libro e a lectura. Así, na primeira parte, de carácter máis teórico, o artigo céntrase na análise das transformacións que a extensión das TIC introduciu nas diferentes fases do proceso do libro, desde a creación á almacenaxe en bibliotecas, pasando pola edición, publicación, distribución e lectura. A seguir, estúdase un exemplo concreto da influencia da Internet neste ámbito, as bibliotecas dixitais, novas realidades que poden ser consideradas microcosmos privilexiados para observar moitos dos cambios que se están a producir no campo das Letras. Explícase brevemente en que consiste e describíense as ferramentas e mais os novos servizos que as bibliotecas dixitais poden prestar. Na última parte do artigo, analízanse polo miúdo as características, os servizos e as posibilidades que ofrece unha destas bibliotecas, a *Biblioteca Virtual Galega*, concibida e realizada na Universidade da Coruña.

1. AS NOVAS TECNOLOXÍAS NA SOCIEDADE ACTUAL

O vertixinoso desenvolvemento experimentado polas tecnoloxías da información e das telecomunicacións durante as últimas décadas, unido ao espectacular descenso de prezos do material a elas asociado (*chips*), non ten precedente na historia tecnolóxica da humanidade e, aínda que para todo o mundo se ten feito evidente a entrada masiva dos computadores na vida ordinaria, probabelmente só os expertos se decatan de até que punto este proceso é abraiante¹. O abaratamento dos prezos e o incremento en potencia dos computadores na década dos 80 fixo deles unha ferramenta que, pola súa versatilidade, se converteu en imprescindible para todo tipo de empresas e profesionais, mais a aparición e xeneralización da Internet na década dos 90 ofreceu todo un mundo de novas posibilidades, ao pór a traballar conxuntamente as tecnoloxías informáticas coas das telecomunicacións. Deste xeito, comezouse a utilizar o termo TIC para denominar a conxunción das dúas.

Internet proporcionou unhas posibilidades de publicación de contidos de todo tipo (desde documentos a música, imaxes ou vídeos) a un público ilimitado por un prezo ínfimo. Pódese afirmar que, sen dúbida, as posibilidades da Rede aínda hoxe están a ser apenas albiscadas, mais, con certeza, Internet vai seguir sendo unha das causas principais da radical transformación no modo de acceso a todo tipo de informacións e, xa que logo, no xeito de nos relacionar, traballar, estudar, divertir, consumir, etc. A acumulación de tantas mudanzas vaise traducir nunha modificación dos hábitos que rexen tanto a nosa vida como os da sociedade en que vivimos, con influencia só comparábel á que tiveron no seu día a introdución da radio, primeiro, e da televisión, despois, ou a popularización do automóbel.

No entanto, o certo é que aínda non somos totalmente conscientes de até que punto é poderosa esta influencia, moi especialmente no que atinxe ámbitos como o que aquí nos vai ocupar, integrados desde sempre no espazo da cultura, pois novas tecnoloxías e Humanidades foron ámbitos tradicionalmente distantes. Esta situación debería mudar xa que, na nosa opinión, é fundamental que desde o mundo das Humanidades se conceda unha maior atención ao mundo das TIC, dunha banda, para tirar partido das posibilidades que ofrecen (por exemplo, edicións facsimilares de documentos antigos, fotografados dixitalmente páxina a páxina, a un prezo mínimo...) e,

¹ A modo de exemplo, pódese lembrar que o computador que levou a primeira persona á Lúa tiña 8 kilobytes de memoria (non interesa detérmonos aquí a precisar que ou canto é un kilobyte de memoria, abonda dicir que o computador con que se está a escribir este traballo ten 256.000 kilobytes, 32.000 veces máis), mais, ao mesmo tempo, eses 8 kilobytes tiveron un custo de millóns de dólares, mentres que, hoxe, con 300 euros pódense comprar os 256.000 kilobytes deste computador. Se a tecnoloxía do automóbel tivese experimentado esa mesma progresión, agora conduciríamos vehículos capaces de desenvolveren unha velocidade de 1.600.000 Km/hora e o prezo do coche sería inferior ao dun refresco.

doutra, para poder prever, incidir, dirixir ou reclamar desenvolvemento tecnolóxico en certas direccións e non noutras (no plano educativo e non no militar, por exemplo).


Estamos, en consecuencia, perante un campo de investigación que vai ser fundamental nos próximos anos. Nel será imprescindible que os equipos de traballo sexan multidisciplinares e mais que conten con especialistas procedentes tanto das áreas Tecnolóxicas como das Humanidades.

Neste traballo tentamos presentar unha reflexión inicial sobre a incidencia que as TIC teñen xa hoxe e, asemade, sobre a que, intuimos, van ter no futuro en relación co mundo do libro e da lectura. Ben entendido, o obxectivo deste artigo non é outro que o de ofrecer unha panorámica xeral sobre esta cuestión, polo que non imos desenvolver polo miúdo moitos aspectos aquí enunciados que, de seu, merecerían amplos estudos monográficos mais que, aquí, só van ficar apuntados.

Así, en primeiro lugar, reflexionaremos sobre a influencia das TIC sobre todo o proceso que segue un libro, desde que se escribe até que chega ao público lector para, a seguir, analizarmos os novos servizos que as bibliotecas dixitais poden prestar.

2. NOVAS TECNOLOXÍAS, LIBROS E LECTURA

Para comezarmos a análise deste tema, o da incidencia das novas tecnoloxías no mundo do libro e a lectura, cómpre termos presente as diferentes fases do ciclo de vida do libro, desde o momento da súa produción como obxecto material, até o da recepción e almacenamento, pasando pola distribución e venda.



As novas tecnoloxías introducen modificacións substanciais en cada unha das fases do ciclo do libro, ao tempo que abren outros horizontes. Imos ir repasando, por tanto, cada un destes niveis ao tempo que comentamos as innovacións máis relevantes.

2.1. Incidencia das TIC no mundo da edición e publicación

A día de hoxe, resulta unha obviedade dicir que as novas tecnoloxías contribuíron a mellorar os procesos de edición de libros de calidade, ao facilitaren enormemente procesos técnicos como o enmaquetado, deseño, etc. Indo máis alá, a edición de libros virtuais significa unha produción con custos baixísimos, o que produce un cambio cualitativo: agora calquera, apenas cun computador e tarifa plana, pode editar, publicar e distribuír sen ter de pasar polo filtro selectivo dunha editorial ou da obtención dun premio. En consecuencia, asistimos, de máis a máis, á publicación na Rede de todo tipo de iniciativas relacionadas coa creación (revistas, editoras, páxinas persoais mais tamén radio, curtametraxes, música...) que se benefician destas facilidades para a edición e a circulación.

Isto lévanos indefectiblemente á controversia: libro de papel fronte a libro en formato dixital (isto é, aquel que pode ser lido na pantalla dun computador –ou doutro dispositivo similar– ben porque o temos almacenado no mesmo, ben porque se accede a el a través da Internet). Para todas e todos aqueles de nós que, para alén de lectores, somos amantes dos libros (en moitos casos cunha relación, mesmo, case fetichista co libro obxecto, coas súas texturas, o seu olor...), o simple feito de pensarmos que poida ser substituído polo libro virtual produce arrepíos, de modo que se opta por desbotar esa idea, para se afirmar na certeza de que o libro tradicional non pode desaparecer.

Semella necesario facermos algunhas consideracións a propósito disto. A primeira é que, até o día de hoxe, a lectura en pantalla produce moita máis fatiga visual que a lectura en papel e que, por outra parte, as pantallas non son un manexábel obxecto, susceptible de ser transportado doadamente. Porén, en breve, imos ter dispositivos electrónicos do tamaño do libro de bolso onde poderemos descargar moitos libros completos para seren lidos nas pantallas daqueles que, ao non teren o pestanexo actual (pois a súa frecuencia de varrido é tan alta que a imaxe semella estática), non resultarán tan cansativos (pódense ver moitos modelos distintos en <http://www.readersread.com/ebooks/edevices.htm>). Isto é algo non moi desemeillante ao que aconteceu coas descargas de música e a rapidísima popularización dos aparellos portátiles (do tipo *iPod*), un sistema que pola súa manexabilidade (lixieira, capacidade de almacenamento...) resulta hoxe imprescindible para moitos tipos diferentes de consumidores de música.

Volvendo ao noso tema, nese futuro próximo onde libro virtual (*e-book*) sexa unha realidade, que vai acontecer co libro en papel? O máis probábel é que os dous soportes convivan, iso si, para diferentes finalidades e diferentes momentos. Talvez os dicionarios en forma de groso volume desaparezan (para seren consultados só a

través de computadores ou daqueles dispositivos citados) mais non, por exemplo, os ensaios ou os manuais que pretendemos ler máis dunha vez. Quizais as guías de viaxe (por pór un exemplo de libro que non interesa demasiado conservar) se lean nese tipo de soporte mentres que un libro de poesía con ilustracións se manteña no formato que coñecemos, como un obxecto precioso, concibido para ser utilizado como agasallo ou simplemente como fonte de pracer persoal.

2.2. Incidencia no mundo da distribución e comercialización

Desde o momento en que un texto se publica na Internet é, na práctica, accesíbel desde calquera lugar do planeta, de modo que se consegue a distribución instantánea e sen custos engadidos de publicidade ou transporte; é posíbel, pois, conseguir un éxito de distribución moito maior do que, hai só uns anos, podían soñar as máis importantes distribuidoras.

Ao tempo, a Rede, ao permitir aos usuarios prescindiren das institucións intermedias entre a persoa emisora e a receptora, configúrase como un instrumento fornecedor de independencia fronte á, ás veces, inaccesíbel máquina editorial, un medio que axuda a afirmar a liberdade de expresión (non é infrecuente o caso de autores/as que publican en libros despois do seu éxito no universo *blogomillo*); pénsese nas informacións sobre a guerra de Iraq que circularon a partir dos *blogs* de xornalistas e que serviron de forma de contraste, até, mesmo, forzaren a inclusión de determinadas informacións no discurso «oficial» das axencias. Este carácter horizontal que caracteriza a Rede (ao non existir unha estruturación xerárquica que separe produtores e receptores) resulta particularmente interesante nun contexto como o actual onde a produción cultural se ve de máis a máis condicionada polos procesos de planificación e deseño levados adiante por poderosos grupos mediáticos.

Internet supuxo, tamén, a introdución de novas vías de comercialización; algunhas, como o comercio electrónico (*Amazon, Andel Virtual...*) xa son hoxe unha realidade puxante, outras, como as librarías dixitais (isto é, as que venden só libros electrónicos –o dereito de descarga– como, por exemplo, www.todoebook.com) están comezando a ocupar un espazo propio. O que fica claro é que este é xa un camiño sen volta atrás e que esta nova situación vai modificar (e talvez abrir posibilidades non exploradas) ao xeito de entender o negocio editorial.

Neste punto aparece o problema dos dereitos de autor que é un tema que xa por si só sería merecedor dunha análise monográfica, pois o cambio tecnolóxico é un fenómeno imparábel que incide fortemente no modelo até agora existente (sobre o que certas iniciativas poderosas como *Google Books* comezan a exercer unha forte presión). Nun mundo de libros virtuais distribuídos vía Internet, o modelo de xestión dos dereitos de reprodución vai ter de mudar (terán de se xeneralizar as licenzas de uso dixital), ao tempo que os dereitos de autor van precisar ser preservados utilizando tamén os recursos que proporcionan as novas tecnoloxías.

2.3. Incidencia no mundo da escrita e da lectura

Nos ámbitos académicos hai tempo que se está a reflexionar sobre certas tipoloxías textuais que están a emerxer no contexto das novas canles de comunicación escrita como anovadoras formas de manifestación da actividade literaria.

Se o proceso da escrita se caracterizou de sempre pola configuración/delimitación dun espazo íntimo de reflexión e creación que só despois da publicación (en forma acabada e definitiva) podía recibir a opinión do público lector, isto é, instaurando unha certa distancia entre a instancia produtora e a receptora, pódese afirmar que a día de hoxe esta situación xa non é exactamente así. A inmediatez do contacto directo entre autor-lector que posibilita Internet, dunha banda, así como a apertura a novas formas de contar que fornecen a incorporación do hipertexto ou dos recursos multimedia, doutra, favorecen a aparición de novos tipos de discurso aos que non resulta disparatado cualificar de xéneros: *blogs*, *chats* ou, mesmo, as mensaxes de correo electrónico (ou os *SMS*) que comezan a ser analizados en foros científicos como variantes do xénero epistolar.

Ao mesmo tempo, estas novas posibilidades producen mudanzas nos modos de lectura: o hipertexto ou a incorporación dos elementos multimedia permite unha lectura non secuencial (por exemplo, nos *blogs* aparecen citas tomadas doutras páxinas –as que remite a través dun hipertexto– ou recóllense debates ou comentarios aparecidos noutra, de modo que o público lector circula entre eles); a ausencia de xerarquías e mediacións que xa se indicou, así como a propia estrutura en rede (coa chegada de comentarios inmediatos que posibilitan que os/as autores/as modifiquen os seus discursos) favorecen os intercambios e a participación. Construción colectiva e interacción son, pois, conceptos moi presentes neste novo xeito de ler.

2.4. Bibliotecas dixitais ou virtuais

Un exemplo concreto de influencia da Internet na sociedade son as bibliotecas dixitais, pois foi a capacidade que proporciona a Rede de publicar contidos a que abriu a porta ao xurdimento e proliferación deste novo modelo de bibliotecas. Mercé á Internet é posíbel que obras valiosas e antigas se fagan accesíbeis para o público en xeral, permitindo dar ao rico patrimonio documental unha difusión até agora impensábel. Do mesmo modo, Internet pode facer posíbel que no último recanto da nosa xeografía, simplemente con ter luz e teléfono, se teña acceso a todos os catálogos bibliográficos do mundo que estean dixitalizados e conectados á Rede e, mesmo, ao contido das obras das bibliotecas dixitais.

As bibliotecas dixitais e/ou virtuais, entendidas como lugar final onde o libro –no seu formato virtual– se deposita e se distribúe son, probablemente, microcosmos onde conflúen moitos dos aspectos que se foron analizando até agora, de modo que podemos consideralas espazos privilexiados para observarmos moitos dos cambios que as novas tecnoloxías están a producir no mundo da lectura. Por isto, sen

pretendermos fornecer unha información excesivamente técnica, imos presentar brevemente as principais características das mesmas².

De maneira un pouco simplista, podemos definir unha biblioteca dixital como aquela que ten fondos dixitalizados e que permite acceder a eles. Véxase, por exemplo, a *Biblioteca Virtual de Literatura Universal en Galego* (<http://www.BiVir.com>), o *Projecto Vercial* de Literatura Portuguesa (<http://www.ipn.pt/literatura/>) ou *Google Books* (<http://books.google.es/>). Existen outras que, ademais, ofertan servizos que, en xeral, teñen que ver coa explotación do ciberespazo e das posibilidades que fornece Internet (*chats, e-mail*, servizos de noticias, foros de debate, etc.). Entre elas debemos citar á *Biblioteca Virtual Galega* (<http://bvg.udc.es>), a *Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes* (<http://www.cervantesvirtual.com>) ou a *Biblioteca Virtual de Literatura Emblemática* (<http://rosalia.dc.fi.udc.es/cicyt>).

2.4.1. Servizos das bibliotecas dixitais

As bibliotecas dixitais son consideradas por moitos a lóxica evolución das bibliotecas tradicionais para se adaptaren á sociedade da información. Desde esta óptica, a peza chave das bibliotecas dixitais serían os contidos (textuais e/ou multimedia), xa que estes foron e son o elemento crucial das bibliotecas tradicionais. Esta focaxe esquece que a tecnoloxía dixital ofrece a posibilidade de mudar radicalmente cando, como, para que e quen pode usar as bibliotecas.

Nos primeiros tempos todos os esforzos de creación de bibliotecas dixitais estiveron orientados á selección, manexo e explotación de contidos, aínda que, conforme as experiencias de bibliotecas dixitais foron madurando, foi concedéndose máis e máis atención aos servizos ofertados aos usuarios. Estes servizos están a ser máis demandados que os contidos en si.

As bibliotecas dixitais deben tirar partido das capacidades propias da Internet, así como do xa aprendido a través da observación do comportamento do público na Rede; deben, ademais, ofertar servizos para facilitaren a comunicación e o intercambio de opinións entre usuarios no rico contorno, desde o punto de vista informativo, que é unha biblioteca dixital. Así, servizos de procura de información para clarexaren calquera punto a debate nun *chat* ou servizos de lectura colaborativa serán máis determinantes do suceso dunha biblioteca dixital do que os seus contidos.

² Para obter máis información sobre as características e servizos das bibliotecas dixitais, véxase FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, C. - SAAVEDRA PLACES, A., *As bibliotecas dixitais*, Santiago, Laiovento, 2004, pp. 18-25. Unha visión máis completa desde o punto de vista tecnolóxico pódese achar en LESK, M., *Practical Digital Libraries; Books, Bytes and Bucks*, San Francisco, Morgan Kaufmann, 1997 e máis en FOX, E. A. - SORNIL, O., «Digital Libraries», en BAEZA-YATES, R. - RIBEIRO-NETO, B. (eds.), *Modern Information Retrieval*, New York, Adison Wesley - ACM Press, 1999, pp. 415-432.

Aínda que as bibliotecas dixitais nacen centradas nos documentos dixitais que teñen que conter é cada vez máis claro o xiro que se está a producir no sentido de considerar as persoas que usan a biblioteca como entidades centrais das bibliotecas dixitais.

Sen nos estendermos en exceso, imos presentar brevemente algúns dos servizos máis comúns nas bibliotecas dixitais actuais.

A. Servizos de Procura

Calquera biblioteca dixital debe ofertar na súa interface de usuario a posibilidade de acceso aos fondos dixitais que contén. Esta procura pode limitarse só ás posibilidades que fornecen as bibliotecas tradicionais (onde, en xeral, só se ofrece procura por autor/a, título e tema) ou poden presentar posibilidades máis interesantes, entre as que destacan, a procura por todos os datos sobre os documentos ou a procura por contido.

B. Servizos de intercomunicación de usuarios/as

Case desde o principio as bibliotecas dixitais asumiron o papel de seren un lugar de encontro adaptado ás necesidades de traballo en grupo, o lugar, por exemplo, onde un grupo de especialistas nun tema pode intercambiar ideas, tanto en tempo real, a través de canles de conversación (*chats*), como en diferido, mediante correo electrónico (*e-mail*), grupos de novidades (*news*), etc. Actualmente, estes son, sen ningún tipo de dúbida, despois dos servizos de procura por múltiples campos, os máis incorporados ás bibliotecas dixitais.

C. Servizos de espallamento de información

Entre estes pódense citar: avisos aos usuarios de novos fondos, creación de servizos ou a aparición de grupos de interese xurdidos no seo da biblioteca dixital. Poden, tamén, existir servizos de espallamento de información proporcionada por outros usuarios, polos administradores da biblioteca ou por empresas asociadas (publicidade). Poderíanse incluír, tamén, a valoración das obras, estatísticas ou, mesmo, as referencias a outros enlaces.

D. Servizos asociados a perfís de usuario

A idea de base é que diferentes usuarios/as teñen diferentes intereses, gostos, etc., e que estas preferencias son, até certo punto, constantes. Así ten sentido ofrecer: diferentes interfaces, noticias sobre novos fondos do interese dese usuario/a específico/a (péñese, por exemplo, en usuarios infantís), servizos de noticias e *chats* polos que aquel/a amosou interese en pasadas visitas á biblioteca, etc.

3. A BIBLIOTECA VIRTUAL GALEGA

Unha vez deseñada esta rápida panorámica das bibliotecas dixitais, ímonos centrar na descrición e análise dunha experiencia neste campo que, tanto polo seu carácter anovador, como polo feito de ser concibida e desenvolvida na Galiza, coidamos que merece que lle concedamos unha especial atención.

A *Biblioteca Virtual Galega* (BVG) da Universidade da Coruña, accesíbel en Internet no enderezo <http://bvg.udc.es> desde o 22 de febreiro de 2002, naceu co obxectivo principal de encher o baleiro na Web sobre contidos de Lingua e Literatura Galega e, así, dar un paso adiante no proceso de normalización da nosa lingua e a nosa cultura. Esta biblioteca virtual foi desenvolvida polo Laboratorio de Bases de Datos e a Área de Filoloxía Galega (integrada no Departamento de Filoloxía Galego-Portuguesa, Francesa e Lingüística) da Universidade da Coruña³, co financiamento da súa Vicerreitoría de Innovación Tecnolóxica.




Figura 1. Páxina principal da BVG

³ A BVG foi realizada por un equipo multidisciplinar de especialistas en Informática, Biblioteconomía e Filoloxía. As profesoras Laura Tato Fontaíña e Nieves R. Brisaboa dirixiron os equipos filolóxico e informático, respectivamente.



Figura 2. Catálogo xeral da Biblioteca Virtual Galega

Lonxe de ser unicamente unha biblioteca de Literatura Galega clásica, a BVG caracterízase por prestar unha atención especial aos escritores e escritoras actuais. Deste modo, tendo en conta o grande número deles que se atopan en pleno desenvolvemento creativo, a BVG preséntaos, non só a través das súas obras xa publicadas, senón que, tamén, a través de páxinas web persoais, tenta tirar partido dun medio tan dinámico como é o ciberespazo, ao procurar unha interacción máis directa entre o autor ou autora e o seu público lector⁴. Así, é importante subliñarmos que un dos aspectos máis anovadores da BVG é que funciona á vez como enciclopedia (ao fornecer datos como a biografía dos autores/as e a listaxe das obras), biblioteca (tamén fonoteca e videoteca) e editorial.

3.1. Descrición dos servizos da *Biblioteca Virtual Galega*

Para alén dun servizo de catálogo, tanto de autoras e autores como de obras, a biblioteca pon a disposición dos visitantes outros servizos que, polo seu interese, merecen ser detallados. A seguir, imos describir brevemente os contidos e o funcionamento da BVG.

⁴ Unha descrición polo miúdo da BVG pódese ver en BRISABOA, N. et al, «BVG. La Biblioteca Virtual Gallega», en CANÓS, J. H. - GARCÍA, P. (ed.), *III Jornadas de Bibliotecas Digitales (JBIBI'2002)*, El Escorial, Universidad Politécnica de Madrid, 2002, pp. 163-172 e mais en BRISABOA, N. et al, «BVG: Una Biblioteca Virtual de Literatura Gallega», en *Mercator Media Forum*, 6 (2002), pp. 62-79.

NOTA: A ficha * contén todos os nomes de busca de autores/as.




Figura 3. Fichas de autores/as

3.1.1. Catálogo de autores e autoras

Pódese acceder ao catálogo xeral de autores/as da BVG desde a páxina principal, a través do catálogo xeral que se pode ver na Figura 2.

Cada autor/a incluído/a no catálogo da BVG ten a súa propia páxina web. Para accedermos a calquera delas temos que usar as clásicas fichas que se poden ver nas bibliotecas convencionais. Nelas, os autores están clasificados, tanto polo seu nome real completo, como polo nome artístico co que asinan as súas obras. Na Figura 3 pódese ver un exemplo, neste caso, a ficha dos autores que están clasificados polo «B».

A día de hoxe, no catálogo da BVG hai arredor de 350 autores/as, dos que 100, aproximadamente, son autores/as xa falecidos no momento de creación da biblioteca. No caso destes/as últimos, a súa páxina web inclúe a fotografía, biografía e bibliografía, con indicación da referencia bibliográfica e dos formatos dispoñíbeis para cada obra. Na Figura 4 pódese ver a listaxe completa de obras que aparece na páxina web de Rosalía de Castro.

No que atinxe aos/ás autores/as actuais, a BVG optou por introducir un novidoso formato: o da autobiografía⁵ (como se pode ver, por exemplo, na Figura 5 onde aparece a páxina web de Xavier Alcalá). Nela hai que subliñar un elemento que é un bo

⁵ A BVG ofrece, neste momento, un amplo conxunto de textos autobiográficos de enorme interese, consecuencia da solicitude inicial que se fai aos/ás escritores/as de que se encarguen de redixir os seus propios textos de presentación. Na nosa opinión, isto representa un potenciamento implícito dun xénero non demasiado cultivado na Literatura galega até o presente, unha iniciativa que pode ter grande rendemento futuro.




Rosalía de Castro

DATA DE NACEMENTO E MORTE: (1837 - 1885)

Obras	Biografía																												
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 60%;">Obra</th> <th style="width: 40%;">Dispoñíbel en: <input type="checkbox"/> Texto, <input type="checkbox"/> Audio, <input type="checkbox"/> Vídeo, <input type="checkbox"/> Imaxe</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td>· A mi madre</td><td style="text-align: right;">Non dispoñíbel</td></tr> <tr><td>· Cantares Gallegos</td><td style="text-align: right;"><input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/></td></tr> <tr><td>· Conto galego</td><td style="text-align: right;"><input type="checkbox"/></td></tr> <tr><td>· El caballero de las botas azules</td><td style="text-align: right;">Non dispoñíbel</td></tr> <tr><td>· El primer loco</td><td style="text-align: right;">Non dispoñíbel</td></tr> <tr><td>· En las orillas del Sar</td><td style="text-align: right;">Non dispoñíbel</td></tr> <tr><td>· Flavio</td><td style="text-align: right;">Non dispoñíbel</td></tr> <tr><td>· Follas novas</td><td style="text-align: right;"><input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/></td></tr> <tr><td>· Inéditos de Rosalía</td><td style="text-align: right;">Non dispoñíbel</td></tr> <tr><td>· La flor</td><td style="text-align: right;">Non dispoñíbel</td></tr> <tr><td>· La hija del mar</td><td style="text-align: right;">Non dispoñíbel</td></tr> <tr><td>· Romana</td><td style="text-align: right;"><input type="checkbox"/></td></tr> <tr><td>· Ruínas</td><td style="text-align: right;">Non dispoñíbel</td></tr> </tbody> </table>	Obra	Dispoñíbel en: <input type="checkbox"/> Texto, <input type="checkbox"/> Audio, <input type="checkbox"/> Vídeo, <input type="checkbox"/> Imaxe	· A mi madre	Non dispoñíbel	· Cantares Gallegos	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	· Conto galego	<input type="checkbox"/>	· El caballero de las botas azules	Non dispoñíbel	· El primer loco	Non dispoñíbel	· En las orillas del Sar	Non dispoñíbel	· Flavio	Non dispoñíbel	· Follas novas	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	· Inéditos de Rosalía	Non dispoñíbel	· La flor	Non dispoñíbel	· La hija del mar	Non dispoñíbel	· Romana	<input type="checkbox"/>	· Ruínas	Non dispoñíbel	
Obra	Dispoñíbel en: <input type="checkbox"/> Texto, <input type="checkbox"/> Audio, <input type="checkbox"/> Vídeo, <input type="checkbox"/> Imaxe																												
· A mi madre	Non dispoñíbel																												
· Cantares Gallegos	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>																												
· Conto galego	<input type="checkbox"/>																												
· El caballero de las botas azules	Non dispoñíbel																												
· El primer loco	Non dispoñíbel																												
· En las orillas del Sar	Non dispoñíbel																												
· Flavio	Non dispoñíbel																												
· Follas novas	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>																												
· Inéditos de Rosalía	Non dispoñíbel																												
· La flor	Non dispoñíbel																												
· La hija del mar	Non dispoñíbel																												
· Romana	<input type="checkbox"/>																												
· Ruínas	Non dispoñíbel																												

Figura 4. Bibliografía de Rosalía de Castro



Xavier Alcalá

Autobiografía	Obras	» Novidades
<p>Eu nacín en Miguelturra, no máis seco da seca Mancha, que é parte de Castela a Nova onde se fala castelán con propiedade e gracia de lingua sen dúbidas. Ese foi o meu idioma primeiro. O segundo sería o galego, Ecce Homo dos idiomas, como escribin nos fértiles vinte anos, cando tentaba ser poeta.</p> <p>Desde cativo souben o que era a loita desigual entre dúas linguas, e, porque algo me manda andar a contraño, tomei parte pola dos perdedores. Sei que isto non é un mérito, senón unha cuestión de carácter e quero deixar constancia do que penso cando xa vou vello e teño quen me agarime as barbas mentres me chama meniñamente "avó".</p> <p>Fixenme persoa en Ferrol, terra de aluvión. Son inmigrante en país de emigrantes e, como todos os que viñeron de fóra a</p> <p>E aquí remato presentación, a pedir desculpas aos lectores -algúns entusiastas, relectores- das miñas vaidades: Que me perdoen o non ter acertado aínda co corpo perfecto da historia que entre todos -xente e autor- deberíamos converter en mito para facermos país.</p> <p>País, pois que os países se asentán en historias reinventadas.</p> <p>Como as Historias oficiais.</p>		
<p>¿Quéreslle mandar unha mensaxe ao autor? <input type="button" value="Enviar mensaxe"/></p>		

Figura 5. Páxina web de Xavier Alcalá



Manuel Lourenzo

»Novidades	Autobiografía	Obras
------------	---------------	-------

Eventos e novidades

Actividades do Estudio de Teatro Casahamlet para o mes de Decembro:

- Día 12: Representación de "Animal Vació", de Xesús Pisón, pola Compañía Casahamlet nas Torres de Santa Cruz ás 20.30 h.
- Día 18: Aula Aberta en que o alumnos do Estudio mostrarán diferentes traballos. No local de Casahamlet (r/Alfonso VII, nº 11, baixo, A Coruña) ás 19 h.
- Día 19: Foro Teatral e Conferencia "Os inicios do teatro na Coruña", impartida por Francisco Pillado Mayor. No local de Casahamlet ás 19 h.

O próximo día 29 de novembro, ás 20 h., presentárase no local do Estudio de Teatro Casahamlet (r/Alfonso VII, nº 11 baixo, A Coruña) o Caderno de Teatro titulado "Sagrada Familia", con pezas teatrais breves de Isaac Ferreira. Intervirán o autor, Manuel Lourenzo e Xesús Pisón. A seguir, alumnos e profesores de Casahamlet lerán algunha das obras deste caderno.

Figura 6. Novidades da páxina web de Manuel Lourenzo

exemplo dun dos métodos utilizados pola BVG para potenciar a comunicación entre os/as autores/as e o seu público lector; neste caso, este recurso vai dirixido ao público, quen, sen máis que premer no botón «Enviar mensaxe» e teclear os seus datos de contacto, pode enviarlle unha mensaxe ao/á autor/a.

Nesa liña de fomentar a interacción entre público e autores/as é onde hai que inserir a sección de *Novidades* que se inclúe nas páxinas web dos/as escritores/as actuais e que pode ser utilizada para incluír todo tipo de información como presentacións de obras, estreos teatrais, celebración de cursos, conferencias, certames, recitais ou toda canta información consideren relevante (incluíndo, mesmo, textos de creación ou de opinión). Na Figura 6 podemos ver a sección de *Novidades* de Manuel Lourenzo.

Evidentemente, os autores dispoñen dunha aplicación web de acceso restrinxido (isto é, un enderezo web non publicado, ao que só poden acceder os/as autores/as a través dun nome de usuario e dun contrasinal) que permite que cada autor/a teña acceso á súa páxina web de modo que poida modificar a súa autobiografía, manter a listaxe das súas obras actualizado, e publicar, modificar ou borrar as novidades ou opinións mencionadas no parágrafo anterior. Cada vez que un/ha autor/a escribe unha nova, a páxina principal da *Biblioteca Virtual Galega* modifícase automaticamente, incluíndo na sección de novas unha ligazón á páxina web dese/a autor/a.

3.1.2. *Catálogo de obras*

O catálogo de obras da *Biblioteca Virtual Galega* está accesíbel tamén desde a páxina principal da biblioteca a través do catálogo xeral (Figura 2). Desde alí podemos entrar directamente á listaxe das obras dos distintos xéneros presentes na biblioteca sen máis que acceder ao caixón correspondente do xénero en que esteamos interesados: narrativa, poesía, teatro, literatura infantil e xuvenil, ensaio ou outros xéneros.

A biblioteca dispón dun servizo de procura de obras polo seu título. Só con escribir unhas poucas letras do título das obras que queremos atopar, apareceranos entón unha relación coas obras en que o título contén ditas letras, ordenada por autor e por época.

A páxina web dunha obra na *Biblioteca Virtual Galega* ten unha fotografía da edición máis característica da obra, e os datos bibliográficos de dita obra, onde se inclúe a editorial, o ano e lugar de publicación e o ISBN, se o tiver. Para cada edición indícanse tamén os formatos dispoñíbeis na biblioteca: azul se está en formato texto, vermello se é imaxe, amarelo se está en formato audio e verde para vídeo.

Máis outra vez, co obxectivo de achegar os/as autores/as ao seu público, nas páxinas web das obras da BVG existe a opción de comentalas, de maneira que os/as autores/as poden saber a opinión que o público ten das súas obras. Na Figura 7 podemos ver dous comentarios da obra de Fran Alonso, *Ze, volcán de amor*.

3.1.3. *Contidos textuais*

A través da BVG pódese acceder, xa sexa a través do título ou do/a autor/a, a textos en dous tipos de formatos:

- Textos en formato HTML: editados por *eDixital*, a editorial *on-line*, que corresponden a obras inéditas de autores actuais ou a obras clásicas que xa non teñen dereitos de autor.
- Textos dixitalizados, obtidos logo dun proceso de captura páxina a páxina, das obras de literatura galega que teñen dereitos de autor ou de edición. Estes dereitos de autor e edición non permiten levar a cabo unha dixitalización completa da obra, polo que para este caso, tomouse a decisión de realizar unha dixitalización parcial da obra, sin exceder nunca o 20% (porcentaxe máxima que permiten as leis do *copyright*).

As obras da biblioteca dispoñíbeis para ler, é dicir aquelas que están en formato texto ou como imaxes (reproduccións das páxinas dos libros, tipo edición facsimilar), están tamén accesíbeis a través da sección da páxina principal da biblioteca «Obras dispoñíbeis para lectura».

A posibilidade de procura de obras polo título, clásica na maioría das bibliotecas dixitais, está ampliada na BVG para as obras dispoñíbeis en formato texto. Isto é,



Figura 7. Comentarios da obra *Ze, volcán de amor*




Figura 8. Obra coas palabras procuradas marcadas

podemos acceder a unha listaxe de obras que conteñan, no seu texto, certa palabra (fragmento de palabra ou conxunto de palabras) que nós previamente tivésemos teclado. Ademais, ao accedermos ao texto das obras recuperadas desta maneira, veremos subliñadas as palabras procuradas, polo que serán máis doadas de atopar no texto. Por exemplo, na Figura 8 podemos ver o texto dunha obra de Xosé Ramón Freixeiro Mato que nos amosa a BVG ao buscarmos as palabras «galego» e «Portugal».

Este é un tipo de función moi útil, xa que á parte de facilitar a recuperación de obras pola súa temática, ofrece moitas posibilidades para a realización de estudos, análises estatísticas, etc.

3.1.4. Videoteca e fonoteca

Outra das vantaxes dunha biblioteca virtual é que favorece o aproveitamento de recursos multimedia xa que permite o manexo non só de arquivos de texto, senón tamén de son e vídeo. Utilizando esta posibilidade, a BVG ofrece unhas pequenas videoteca e fonoteca (onde aparecen os/as autores/as lendo as súas obras) que, se ben modestas (vanse acrecentando aos poucos, agora mesmo hai 70 arquivos de vídeo e 34 de audio), contribúe de xeito decisivo a achegar os escritores ao público e, á vez, proporcionan unha idea clara das posibilidades que o sistema fornece.

É este un servizo de especial relevancia, tanto para os/as cativos/as como para as persoas con dificultades de lectura, xa que lles dá a oportunidade de ver e escoitar contos ou poemas lidos polo/a propio/a autor/a. Ademais, á marxe da utilidade destes servizos para estes dous tipos específicos de público, os arquivos de voz e vídeo teñen un valor de testemuña histórica e documental que non debe de ser pasado por alto. Na Figura 9 amósase unha captura dun dos vídeos da BVG en que se pode ver a Marga do Val interpretando unha das súas obras, *Amarte*.

3.1.5. Sección de autores/as noveis

A biblioteca pon a «Sección de Nov@s» a disposición dos autores/as noveis que queiran dar a coñecer en formato electrónico as súas obras inéditas. A través desta sección, os/as autores/as poden presentar a concurso estas obras, sen máis que encher un formulario cos seus datos persoais e de contacto.

Tras un proceso de adaptación que leva a cabo o persoal administrativo, a nova obra engádesse a unha listaxe de traballos presentados a concurso. Os visitantes desta sección da biblioteca poden ler, comentar e puntuar estes traballos. Despois dun certo tempo estipulado polos administradores da biblioteca, e en función das valoracións dos visitantes, elixírase unha obra ganadora que, como premio, será editada en formato dixital por *eDixital*, a editorial asociada á BVG. A partir dese momento, a obra será considerada coma calquera obra «consagrada» e pasará a formar parte do *corpus* da BVG.



Figura 9. Vídeo transmitido mediante *streaming*

3.1.6. Recursos de lingua

Concebida para ser usada como fonte de información sobre os materiais de carácter lingüístico existentes, esta sección ofrece a referencia bibliográfica de cada obra incluída, así como as páxinas iniciais dixitalizadas. Na práctica, está a funcionar como un escaparate publicitario para as obras relacionadas coa lingua galega. Tivo máis de 70.500 accesos; con todo, o que demostra o interese que suscita son os máis de 370.000 accesos que tiveron as páxinas dixitalizadas das obras incluídas.

3.1.7. Centro de enlace ao ciberespazo galego

Desde a páxina da BVG ofrécese acceso a diferentes *webs* galegas, entre as que cómpre subliñar *Lg3* coa que a BVG ten un acordo específico para intercambio de contidos e redirección de tráfico. 185.000 internautas utilizaron estes enlaces.

3.2. A BVG como editora: *eDixital*

Como xa se dixo, a biblioteca funciona tamén como unha editorial dixital, unha idea interesante nun caso como o noso onde, ao sermos unha comunidade lingüística reducida, a edición de obras en galego (especialmente en xéneros de pouco consumo) vese moitas veces mediatizada pola falta de masa crítica de lectores potenciais, o que fai que moitas obras non achen canles de difusión e, mesmo, de publicación. Esta foi a razón que levou á creación da sección *nov@s*, que, como xa se explicou, funciona como un servizo de edición.

Por outra parte, os/as autores/as poden publicar contidos, de xeito inmediato (abonda con se identificaren co seu *login* e *password*) e con custo cero, na súa sección de *Novidades*. Aquí poden incluír información sobre as súas actividades públicas, textos ou comentarios (na época do *Prestige* foi moi utilizada como espazo para a publicación de textos ou declaracións). Posúe certas semellanzas cos *blogs*.

3.3. Viaxe Virtual por Galiza

Por último, a BVG ofrece un servizo de axuda para a visita de monumentos, museos, xacementos arqueolóxicos e outros lugares de interese, soportado por un Sistema de Información Xeográfica na web; esta sección, unha das máis atractivas da biblioteca do punto de vista visual, é a denominada *Viaxe Virtual por Galiza*. Nesta sección preséntase un mapa de Galiza onde se poden sinalar: concellos, poboacións e estradas; ríos, praias e parques naturais; museos, monumentos e lugares arqueolóxicos e, por fin, balnearios e casas rurais.

Na Figura 10 pódese ver a páxina principal da *Viaxe Virtual por Galiza* onde, a modo de exemplo, se pode ver a localización xeográfica das casas rurais. Ademais da súa ubicación sobre o mapa, é posíbel obter información básica (teléfono, enderezo, horario, etc.) de cada un destes elementos. Mesmo, é posíbel atopar unha imaxe do elemento de que se tratar. Por exemplo, na Figura 11 aparece a información dispoñíbel para o Castelo de San Antón⁶.

Unha sección especialmente atractiva da *Viaxe Virtual* é a que permite sinalar no mapa diversos itinerarios de interese turístico, así como roteiros literarios (itinerarios tirados de determinadas obras de escritores clásicos e sobre os que se fornece abundante información). Un total de doce itinerarios turísticos e dous roteiros literarios están dispoñíbeis actualmente para o público. Ademais, grazas á funcionalidade de *zoom* con que conta, pódense ver con detalle os roteiros ou os elementos de interese cultural ou natural dunha zona determinada.

3.4. Estatísticas de acceso á BVG

Semella pertinente finalizar esta breve presentación da BVG cun achegamento aos datos de acceso de que se dispón a día de hoxe. A BVG recibiu, desde a súa inauguración en 2002 máis de 2.049.200 visitas. Para alén do éxito que implica esta cifra en si mesma, cómpre salientar que o paso das/dos cibernautas pola Biblioteca non é esporádico, posto que manteñen unha actividade prolongada (a media de duración de cada conexión supera os 10 minutos).

⁶ Na *Viaxe Virtual* pódense facer tamén procuras. Só con indicar o tipo de elemento que se desexa atopar (monumento, mosteiro, etc.) e teclear unhas poucas letras do seu nome, non só se pode acceder a toda a información dese elemento, senón que podemos ver a súa situación exacta no mapa a través dunha icona gráfica que pestanexa.





Figura 10. Viaxe Virtual por Galiza

Castelo de San Antón



Nome	Castelo de San Antón
Estilo	Arquitectura militar
Poboación	A Coruña
Concello	A Coruña
Provincia	A Coruña
Tipo	Castelo
Data	Século XVI
Conservación	Excelente

Pulse sobre a imaxe para vela ampliada

ver monumentos de A Coruña

información sobre o concello de A Coruña

imprimir

pechar xanela

Figura 11. Información sobre o *Castelo de San Antón*




Figura 12. Vista ampliada do roteiro literario de Ánxel Fole

Canto ás visitas ao catálogo propiamente dito, accedeuse ás fichas dos autores en máis de 1.950.000 ocasións e ás fichas das obras en case 3.100.000. A respecto das obras que temos dispoñíbeis para ler, escoitar ou ver, dispomos dos seguintes datos: accedeuse aos vídeos máis de 16.800 veces (hai que ter en conta que até setembro de 2007 só había 17 vídeos); ás obras en formato audio máis de 11.200 veces e á lectura de obras máis de 315.000 veces (os textos tiveron 235.000 accesos, en canto que as páxinas dixitalizadas tiveron case 75.000).

A actividade das visitas aos autores/as e/ou ás obras reflicte o suceso da biblioteca. Nunha comunidade lingüística de tamaño reducido como é a nosa, estes datos son reveladores de até que punto os contornos dixitais están a gañar espazo día a día.

FINAL

A experiencia da BVG entre nós, e moitas outras que se citan neste artigo, demostran que a utilización dos contornos dixitais, e das novas tipoloxías xenéricas ligadas ao seu uso, están a modificar grandemente os nosos hábitos de consumo cul-

tural. Tal e como a imprenta fixo no seu día, esta tecnoloxía abre a posibilidade de lograr, cun prezo mínimo, un nivel de difusión de todo tipo de culturas e informacións (textuais e multimedia) nunca acadado na historia da humanidade.

As novas tecnoloxías están aquí para ficar. Cómpre, pois, que desde o mundo da cultura, da edición ou da literatura desenvolvamos unha actitude máis aberta e, ao mesmo tempo, máis activa na liña de exploración das posibilidades que as TIC fornecen. Se as novas tecnoloxías trouxeron o que se deu en chamar a Sociedade da Información, só a participación decidida e a nosa implicación profunda como humanistas no avance das TIC permitirá que se desenvolva, con todas as súas potencialidades e consecuencias, a Sociedade do Coñecemento.